

## FORMACIÓN

**Leroy Merlín ofrece veinte becas**

La firma Leroy Merlín abre el plazo para optar a su programa de becas para estudiantes en Galicia, que cumple su segunda edición. Están dirigidas a los mejores alumnos universitarios y de Formación Profesional Superior. Los seleccionados desarrollarán su período de prácticas formativas en las sede que la empresa tiene en Santiago.

## MULTIUSOS

**Nuevos cursos de patrón de yate**

El Multiusos Fontes do Sar iniciou ayer un nuevo curso anual para la obtención del título de patrón de yate mediante un programa en modalidad semipresencial que es único en Galicia. El programa combina clases todos los sábados de 10 a 14 horas hasta el 10 de mayo y del 16 al 18 de ese mes habrá prácticas oficiales voluntarias y previas al examen para la obtención del título.



Alfonso Zarauza es el director de «Los fenómenos». I. V.

## CINE

**La obra de Zarauza estará en Málaga**

El director de cine compostelano Alfonso Zarauza presentará en el Festival de Cine Español de Málaga su obra «Los fenómenos», protagonizada por Lola Dueñas y Luis Tosar. Producida por ZircoZine y Maruxiña Film Company, narra la historia de Neneta, una mujer que regresa a su pueblo natal y que trabaja en la construcción.

## AERO CLUB

**Viaje a la nieve en Semana Santa**

El Aero Club organiza un viaje a la estación de esquí de Soldeu-El Tarter, en Andorra, durante el período de la Semana Santa. Podrán acudir niños a partir de diez años y adultos. Los primeros estarán acompañados por monitores de tiempo libre. El día 20 a partir de las 20.15 horas en el local social de la entidad está programada una reunión informativa sobre este viaje.

# A USC ofrece gratis e na Rede cinco tesouros da lingua galega

Elaborados polo ILG, permiten estudar o léxico desde a Idade Media

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ

O Instituto da Lingua Galega (ILG) da USC ofrece na Rede, e gratis para as persoas interesadas, cinco tesouros do idioma do país, que permiten coñecer, estudar e investigar o léxico desde a Idade Media. «É unha información moi completa sobre a lingua galega, e absolutamente aberta ao público. Permite coñecer o uso dunha palabra desde textos da Idade Media a outros máis actuais, e ademais está rexistrada en glosarios medievais, en dicionarios antigos e modernos, en glosarios da lingua oral, e outros», explica Ernesto González Seoane, director do ILG.

Na dirección <http://ilg.usc.es/es/recursos>, o investigador, ou calquera persoa que teña interese, encontra o *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, o *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* (TILG), o *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* (TMILG) e dous dicionarios de dicionarios, un de traballos lexicográficos dos últimos séculos e outro do período medieval da lingua.

O *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*, de máis recente incorporación, integra 112 obras: 55 de Portugal, 8 de Brasil e 49 galegas, o que representa en conxunto 155.676 rexistros. A base deseñada permite consultar de xeito simple a información completa contida en obras lexicográficas e dialectais que non sempre son de fácil acceso para investigadores. Na parte galega hai desde traballos académicos defendidos hai anos a espazos de Internet, e tamén estudos realizados en colexios sobre o léxico dun territorio determinado ou dunha actividade específica.

**Da Idade Media á actualidade**

Este tesouro, segundo a profesora Rosario Álvarez, «ten por obxecto compilar un corpus informatizado integrado por materiais léxicos relacionados sobre todo coa cultura tradicional pertencentes a Galicia, Portugal e Brasil, con referencias xeográficas precisas do lugar onde se empregan».

Diferente é o TILG, «un corpus lingüístico que inclúe unhas 2.000 obras escritas en galego entre os anos 1612 e 2010. A densidade de textos é maior a par-



Ernesto González Seoane é o actual director do Instituto da Lingua Galega da USC. XOÁN A. SOLER

«É unha información moi completa sobre a lingua galega, e absolutamente aberta ao público»

**Ernesto González Seoane**

Director do Instituto da Lingua Galega

tir do século XIX, sobre todo canto máis se aproxima á actualidade. Ofrece todos os rexistros dunha palabra organizados cronoloxicamente. Agora traballamos nunha versión máis áxil, que proximamente permitirá estudos estatísticos de como se distribúen os rexistros dunha palabra por séculos e outros datos de interese para investigadores», afirma Ernesto González Seoane.

O TILG inclúe textos moi di-

versos: literarios, científico-técnicos, filosóficos e outros, indica o director do ILG.

No TMILG «está incluída a práctica totalidade dos textos editados da Galicia medieval. A versión publicada na rede no ano 2005 baséase nun corpus de 10 millóns de palabras. Na nova versión, xa preparada, arrequentouse o corpus con novas obras que, sumadas ás anteriores, levan o TMILG ata os 25 millóns de palabras», explica Xavier Varela.

«Os textos notariais son a cerna deste corpus e son os que maior crecemento experimentan. No ano 2005 reuníranse 8.000 documentos. Do 2006 á actualidade levouse esa cifra ata os 28.000 documentos. Deles, 13.600 están redactados en galego, 10.300 en latín e dous mil en castelán», sinala Varela.

## INTERNACIONALIZACIÓN

**Participan centros de Brasil e Portugal**

No *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* participan 17 universidades brasileiras e dúas portuguesas. Non están contemplados outros territorios de lingua portuguesa «aínda que non se descarta» contar con eles, segundo avanzou a profesora Rosario Álvarez. Esta docente subliñou que, no Brasil, alén da influencia portuguesa, houbo tamén importante presenza de persoas galegas que deixaron o seu pouso na constitución do léxico patrimonial do país. Tamén se incorpora léxico das comunidades estremeras de fala galega, para enriquecer este repertorio léxico de interese internacional.

## Dous dicionarios de dicionarios

Alén das tres obras que se chaman Tesouro, Ernesto González afirma que outros dous proxectos do ILG, o *Dicionario de Dicionarios da Lingua Galega* (DdD) e máis o *Dicionario de Dicionarios do Galego Medieval* (DDGM) merecen tamén esa consideración.

«Neses dous dicionarios de dicionarios, o material co que se traballa é xa elaborado, son textos lexicográficos. O DdD recolle toda a produción lexicográ-

fica sobre o galego nos últimos séculos, de Sarmiento á actualidade, con exclusión dos dicionarios comerciais que están á venda. Permite buscar toda a información sobre unha palabra en toda a historia da lexicografía, ver como foi pasando a información duns dicionarios a outros. Tamén permite facer buscas a partir de definicións en castelán», afirma o director do ILG.

O DDGM «fai algo parecido: compila glosario elaborados a

partir de textos medievais, por Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Rodrigues Lapa, Walter Metmann, K. Parker, M. de Miguel e outros especialistas. Permite facer buscas por exemplo de palabras utilizadas no século XIII; ou léxico de autores, como Bernal de Bonaval e outros do período medieval, e ofrece a posibilidade de aproveitar a información deses glosarios tomando como punto de partida moitos elementos», acrecenta.